

vas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 92, do 18 de maio), establece na súa disposición adicional quinta, na que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da devandita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 92, do 18 de maio), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

12.04.322C.472.0, código de proxecto 2010 00768 polo importe de 379.889,52 euros.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 13 de outubro de 2010 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e do seu Consello Regulador.

Advertidos varios erros no texto da citada orde, publicada no DOG número 201, do 19 de outubro de 2010, é necesario realizar a oportuna corrección.

Na páxina 17.326, na columna da dereita, no punto 1 do artigo 29º, onde di:

«e) As empresas inscritas no Rexistro de Salas de Despezamento:».

Debe dicir:

«d) As empresas inscritas no Rexistro de Salas de Despezamento:».

E onde di:

«e) As empresas inscritas no Rexistro de Retallistas e Minoristas de carnes:».

Debe dicir:

«e) As empresas inscritas no Rexistro de Maioristas e Retallistas de carnes:».

Orde do 19 de outubro de 2010 pola que se modifica a Orde do 23 de decembro de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Grelos de Galicia e do seu Consello Regulador, e se nomea o Consello Regulador provisional.

Por orde da Consellería do Medio Rural, do 23 de decembro de 2009, aprobouse o Regulamento da indicación xeográfica protexida Grelos de Galicia e do seu Consello Regulador e nomeouse o Consello Regulador provisional.

En reunión do Pleno do Consello Regulador do 16 de xuño de 2010, aceptouse a renuncia, por motivos persoais, de Mª Teresa Santamarina Alonso como vogal dese Consello Regulador, así como a súa substitución por Soledad Agra Fernández.

Na súa virtude, por proposta do Pleno do Consello Regulador, tendo en conta as consideracións expostas e o disposto no artigo 4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 2 da Orde do 23 de decembro de 2009, da Consellería do Medio Rural, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Grelos de Galicia e do seu Consello Regulador e se nomea o Consello Regulador provisional, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 2º.-Nomeamento do Consello Regulador provisional.

Noméase, por proposta do sector, o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Grelos de Galicia, con carácter provisorio ata que se celebren eleccións na forma determinada pola normativa vixente.

Queda formado polos membros seguintes:

Presidente: José Luis Dadín Rivadas.

Vogais polo sector produtor:

-Begoña Gaute Verdes.

-Adalia Fraga Fraga.

-Secundino Oural Sanjurjo.

-Alejandro Dafonte Liste.

-Soledad Agra Fernández.

Vogais polo sector de operadores-comercializadores e almacenistas en fresco:

-Javier Alvela Edreira.

-José Manuel Fraga Prieto.

-Álvaro Lis Fernández.

-Lorena López Rocha.

-Santiago Galego Castro.

Vogais polo sector das industrias de procesamento:

-Divina Castelo Rey.

-Verónica Núñez López.

-Marcos Cid Cid.

-José Posada González.

-Guillermo Díez Iglesias».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DO MAR

Resolución do 15 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, pola que se establece unha veda para a anguía (Anguilla anguilla) nas augas marítimas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Antecedentes.

1. O 10 de setembro de 2008, foi presentado ante a Secretaría Xeral do Mar do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, o Plan de xestión para a anguía europea (*Anguilla anguilla*) en Galicia, para a súa inclusión no Plan de xestión nacional.

2. O 23 de decembro de 2008, España presentou ante a Comisión Europea o Plan nacional de xestión da anguía e doce plans específicos da xestión da

anguía de 11 comunidades autónomas máis un para a bacía do Ebro, segundo o establecido no Regulamento (CE) 1100/2007 do Consello, do 18 de setembro de 2007, polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación de anguía europea. O 8 de maio de 2009 España presentou a Comisión Europea información adicional sobre estes plans.

3. O 8 de xuño de 2010 recibíuse comunicación da Secretaría Xeral do Mar sobre a admisibilidade dos doce plans de xestión presentados polo Estado membro español.

4. A Comisión Europea recibiu os resultados da avaliación técnica e científica destes plans efectuada polo Consello Internacional para a Explotación do Mar (CIEM).

5. O 9 de xullo de 2010 España presentou á Comisión Europea un Plan nacional revisado da xestión da anguía, así como unha serie de plans revisados de xestión da anguía nas comunidades autónomas e na bacía do Ebro.

6. O 1 de outubro de 2010, unha vez cumpridos os requisitos fixados do Regulamento (CE) 1100/2007, foi aprobado por decisión da Comisión Europea o Plan nacional español de xestión da anguía e os doce plans específicos de xestión da anguía, entre eles o de Galicia.

Consideracións legais e técnicas.

1. O Regulamento (CE) 1100/2007 do Consello, do 18 de setembro de 2007, polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación da anguía europea, establece no seu artigo 2.3º que os estados membros elaborarán un plan de xestión da anguía para cada unha das bacías fluviais delimitadas segundo o disposto no número 1, e que serán presentados ante a Comisión antes do 31 de xaneiro de 2008. O artigo 5 establece que os ditos plans de xestión deben ser aprobados pola Comisión, unha vez que sexan avaliados técnica e cientificamente polo Comité científico, técnico e económico da pesca, o de outro organismo científico pertinente.

2. Este regulamento comunitario sinala no artigo 2.4º, a obrigatoriedade de establecer plans de xestión para a recuperación da especie, cuxo obxectivo será reducir a mortalidade antropoxénica co fin de permitir, cunha elevada probabilidade, a fuga ao mar de, polo menos, o 40% da biomasa de anguías europeas correspondente á mellor estimación do posible índice de fuga que se rexistraría en caso que ningunha influencia antropoxénica incidise na poboación.

3. O artigo 2.8º do Regulamento (CE) 1100/2007 establece que os plans de xestión da anguía poderán incluír, entre outras, determinadas medidas como: redución da actividade pesqueira comercial, restrición da pesca deportiva, medidas de repoboación, medidas ambientais, loita contra os depredadores, medidas relativas á acuicultura.